


**ANPA BAROUTA**  
GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDADE  
E XÉNERO DO CEIP DE BAROUTA



# GUÍA DE **LINGUAXE INCLUSIVA** DO CEIP DE BAROUTA



## GUÍA DE LINGUAXE INCLUSIVA

GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDADE E XÉNERO DO CEIP DE BAROUTA

O grupo de traballo de Igualdade e Xénero do CEIP de Barouta xorde para tentar dar resposta ás inquedanzas e ás dúbihdas que se nos presentan ás familias e ao profesorado en torno a como resolver os problemas que se presentan na sociedade do século XXI, que se define a si mesma como moderna, mais segue perpetuando prexuízos, estereotipos e roles asociados única e exclusivamente ao xénero. Despois de varios anos no que o profesorado tratou este tema como materia transversal do currículo, conmemorando o 25N, día internacional contra a violencia de xénero, o 8M, día internacional da muller, o 11F día internacional da muller e da nena na ciencia, e os diversos “chocolates con” que se abordaron sobre esta temática<sup>(1)</sup>, cremos necesario ir un paso máis alá e, como familias, involucrarnos directamente, porque avanzar, educar e sensibilizar non é só unha cuestión que afecte ás mulleres, ás institucións ou ós centros educativos. Afecta a cada un dos axentes sociais da comunidade, e como tal, as familias temos unha labor moi importante de cara á crianza da nosas fillas e fillos.

02 |



Por qué cremos necesario elaborar unha guía de linguaxe inclusiva en Barouta? *Porque a linguaxe non é unha creación arbitaria da mente humana, senón un produto social e histórico que inflúe na nosa percepción da realidade. Ao transmitir socialmente ao ser humano as experiencias acumuladas de xeracións anteriores, a linguaxe condiciona o noso pensamento e determina a nosa visión do mundo. Os prexuízos sexistas que a linguaxe transmite sobre as mulleres son o reflexo do papel social atribuído a elas durante xeracións<sup>(2)</sup>.* Desbotamos referirnos a esta guía coma unha guía de linguaxe non sexista porque consideramos que a linguaxe non é sexista, o que é sexista é o uso que facemos dela. Por iso falamos de linguaxe inclusiva, que é aquela que nos nomea a todas e a todos, sen excluír a ningüén. Non é un capricho, nin unha moda, é un instrumento pra conseguir a igualdade.

(1) Novas masculinidades: roles de xénero. (Pepe Cabido. Profesor de filosofía e membro da equipa de igualdade do IES Fontexería). Xénero e Igualdade. (María José Méndez Lois. Profesora de Ciencias da Educación da USC).

Desenvolvemento afectivo sexual de infantil á adolescencia. (Belen Montesa Lou. Psicóloga, sexóloga e terapeuta familiar).


(2) Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura. UNESCO

Non podemos falar disto sen facer unha pequena referencia ao androcentrismo que actualmente impera na linguaxe... E isto do

## U androcentrismo, que vén sendo?

A consideración de que o home é o patrón e a norma de todo comportamento humano. Isto presupón que toda persoa é do xénero masculino a non ser que se especifique o contrario, e trae como consecuencia, que as mulleres queden borradas da lingua, invisibilizadas, e o que non se nomea, non existe. Poida que nos custe traballo detectar estes aspectos durante a conversa, nembargantes seguro que identificamos con máis claridade as connotacións negativas que se lle atribúen ou atribuían a certas palabras tan só na súa versión feminina: lobo-loba (animal-prostituta), gallo-galiña (valor-cobarde), home público-muller pública (home influínte-prostituta), gobernante-gobernanta (home que goberna-muller encargada do servicio de limpeza),..., e así poderíamos seguir con innumerables exemplos que nos fan pensar que, aínda que hai traballo feito (a Real Academia da lingua modificou acepcións como: fácil: muller que se presta sen problemas a manter relacións sexuais, e substituiu a palabra "muller" pola palabra "persoas") aínda hai moito traballo por facer.

03



Cartelería dalguna das campañas levadas a cabo no CEIP de Barouta



**QUE EVITAR** Uso abusivo do masculino xenérico

Substituir por termos xenéricos, por substantivos abstractos, por uso dos dous xéneros gramaticais ou por perifrases

NON	SI
Os profesores	O equipo docente
Os alumnos	O profesorado
Os adolescentes	O alumnado
Os nenos	A adolescencia
Os ciudadáns	A infancia
Os pais dos nenos	A ciudadanía
de primaria	As nais e os pais das nenas
Os galegos	e nenos de primaria
Os políticos	A poboación galega
Os anciáns	A clase política
	As persoas maiores

04 |

**QUE EVITAR** A masculinización ou feminización das profesións

Utilizar o feminino das profesións, aludir ao cargo, profesión, titulación e non á persoa que o desempeña ou substituir pronomes masculinos por fórmulas sen xénero

NON	SI
Médico	Médica
Avogado	Avogada
Notario	Notaria
Xuíz	Xuíza
Os xerentes	A xerencia
Os presidentes	A presidencia
Os tutores	A tutoría
Os licenciados	A licenciatura
Os traballadores	Quenes traballan
da empresa	na empresa

**QUE EVITAR** O papel secundario ou subordinado das mulleres con respecto aos homes

Usar termos que teñan a mesma significación nos dous xéneros

NON	SI
Señorita: muller solteira	Señora: muller (solteira , casada, non interesa saber o seu estado civil)
Muller de... Os xogadores e as súas mulleres	Cónxuxe O equipo e as súas parellas

**QUE EVITAR** Que se perpetúen os estereotipos de xénero

Romper estereotipos. Non utilizar diferentes cualidades para nenas que para nenos, para mulleres ou para homes

105

NON	SI
As nenas teñen o pelo longo e pintan as unllas  Os nenos son fortes e valentes As nenas son doces e cariñosas Os homes non choran	As nenas e os nenos poden ter o pelo curto ou longo e pintar as unllas  As nenas e os nenos son valentes e cariñosos Tanto homes coma mulleres choran se o precisan

**QUE EVITAR** Atribuír papel protector ao xénero

Non volcar nos nenos a responsabilidade de coidar das nenas, nin nas mulleres a necesidade de sentirse protexidas por un varón

NON	SI
Tes que coidar de túa irmá que ti eres un home  Busca un home que te coide e te protexa	Sodes irmáns, querédevos e coidádevos mutuamente  Cóidate e protéxete soa, se tes unha parella que te queira e te respete como es


# RECOMENDACIÓN

## EN CANTO Á ESCRITA

A maiores do sinalado anteriormente, no que atinxé á escrita, soe facerse uso dunha serie de recursos que se empregan a miúdo, pero dos que non convén abusar. Citámoslos aquí para deixar constancia deles pero coa perspectiva de que a súa utilización non debe ser a norma.

06 |

RECURSOS	SI
Barra	alumnas/alumnos
Arroba	alumn@s
Xe	alumnxs
"e"	alumnes



## GLOSARIO DEFINICIÓN EN RELACIÓN Á LINGUAXE INCLUSIVA

Nas seguintes páxinas mostramos un glosario de definicións dos principais termos en relación á linguaxe inclusiva

## **ANDROCENTRISMO**

Visión do mundo e das relacións sociais centrada no punto de vista masculino.

## **CISEXUAL**

Toda persoa na que coincide a súa identidade sexual coa asignada ao nacer.

## **CISEXISMO**

Conxunto de prexuízos que consideran que a identidade sexual das persoas transexuais non é auténtica, ou que é menos auténtica que ao das persoas cisexuais.

## **COEDUCACIÓN**

Método de intervención educativo que vai máis aló da educación mixta, parte do principio da igualdade entre sexos e a non discriminación por razón de sexo. Coeducar é educar a nenas e nenos do mesmo xeito, e non facelo de maneira diferente segundo o seu sexo.

|07

## **CONCILIACIÓN TRABALLO / VIDA FAMILIAR E PERSONAL**

Participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo, conseguida a través da reestruturación e reorganización dos sistemas laboral, educativo e de recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención a persoas dependentes (menores, persoas maiores ou con diversidade funcional).

## **CORRESPONSABILIDADE**

Reparto equitativo das responsabilidades domésticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos coidados debería ser imprescindible que o tempo adicado á crianza das fillas e fillos por parte das nais e pais fose o mesmo.

## DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO

Situación de marxinación sistemática cara as mulleres que está profundamente enraizada na sociedade patriarcal.

## DISCRIMINACIÓN POSITIVA

Modalidade de acción positiva que privilexia ao colectivo desfavorecido.

## DISFORIA DE XÉNERO

Define a aversión manifestada pola persoa aos propios xenitais. Non é sinónimo de transexualidade. O grao de "disforia" é variable, e incluso inexistente en moitas persoas transsexuais, dependendo, en gran medida, das presións externas que sufrieron ao longo da súa vida en torno ao seu corpo e á súa identidade.

08 |

## ESTEREO TIPO DE XÉNERO


Construcción cultural que atribúe a cada un dos sexos distintos papeis, actitudes, comportamentos e características.

## FEMINISMO

Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela e transgrede o sistema social imperante, o patriarcado. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## IDENTIDADE DE XÉNERO

Como se identifica a persoa, se como muller ou home, a forma en que se recoñece a si mesma, baseando a súa conducta e a súa forma de ser e pensar a ese xénero co que se sinte identificada indistintamente do seu sexo biolóxico.



## IGUALDADE DE XÉNERO

Situación en que toda as persoas son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións, sen as limitacións impostas polos roles tradicionais, e na que se teñen en conta, valoran e potencian por igual as distintas condutas, aspiracións e necesidades de mulleres e homes.

## MACHISMO

Conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento de actitudes discriminatorias contra as mulleres e contra os que teñen comportamentos de tipo feminino non sendo mulleres.

## MATRIARCADO

Crenza extendida no século XIX que defendía a existenza dunha sociedade estruturada sobre a base do poder feminino, anterior ao asentamento do patriarcado. Actualmente, a antropoloxía recalca que esta hipótese é falsa.


109

## MICROMACHISMO

Comportamentos ou expresións “invisibles”, que son discriminatorios cara as mulleres, sostidos na suposta superioridade do home. Polo seu carácter cotiá, estos comportamentos están tan naturalizados nunha determinada cultura que moitas veces pasan desapercibidos tanto para homes coma para mulleres.

## NOVAS MASCULINIDADES

Proceso no que se deconstrúe a masculinidade tradicional para construír novos modelos de masculinidade nunha sociedade igualitaria, e onde os valores, cualidades e sentimentos dos homes non son os tradicionais, senón equitativos.



## ORIENTACIÓN SEXUAL

Atracción emocional ou sexual que se sinte cara outra persoa. Se a atracción é cara a alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade, se é cara a unha persoa de diferente sexo, é heterosexualidade, e se a atracción é por persoas de ambos sexos é chamada bisexualidade.

## PARENTALIDADE POSITIVA

Relación entre os proxenitores colaboradora, cooperativa e afastada do conflicto, que permita aos pais establecer acordos baseados principalmente no benestar das súas fillas e fillos. Deste xeito, nais e pais asumen por igual as responsabilidades así coma o dereito a participar nas decisións que teñan que ver coa crianza.

## PATRIARCADO

10| Sistema familiar e social, ideolóxico e político co que os homes, a través da forza, a presión directa, os rituais, as tradicións, a lei, a linguaxe, os costumes, a educación e a división do traballo, determinan cal é ou non é o papel que as mulleres deben interpretar, co fin de estar, en toda circunstancia, sometidas ó varón.

## PERSPECTIVA DE XÉNERO

Metodoloxía e mecanismos que permiten identificar, cuestionar e valorar a discriminación, desigualdade e exclusión das mulleres, que se pretende xustificar en base ás diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes, así como as accións que deben emprenderse para actuar sobre os factores de xénero e crear as condicións de cambio que permitan avanzar na construción da igualdade de xénero.

## PREXUÍZO SEXISTA

Xuízo ou opinión que se forma de antemán, sen ter os datos axeitados e que dá como resultado unha discriminación baseada no xénero.

## **ROLES DE XÉNERO**

Condutas que se consideran axeitadas para homes e mulleres no seo dunha sociedade. Estos comportamentos dependen da idea que a comunidade ten sobre a masculinidade e a feminidade.

## **SEXO**

Conxunto de características do corpo anatómico e fisiolóxico, polo cal se diferencian aos machos das femias (biolóxico).

## **SEXISMO**

Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato que reciben as mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

## **SORORIDADE**

Relación ou vínculo de irmandade entre mulleres diferentes, que se atopan e recoñecen no feminismo, co obxectivo de disminuir a fenda existente entre a súa condición propia e a dos homes.

11

## **TRANSFOBIA**

Discriminación, condutas e actitudes negativas cara as persoas trans.

## **TRANSEXUALIDADE**


Diferencia entre o sexo asignado á persoa no momento do seu nacemento, e a identidade sexual que a persoa sinte e manifesta. Non conleva asociado ningún itinerario pre establecido (nun médico nin social).

## **XÉNERO**

Características e definicións culturais que cada sociedade atribúe aos sexos segundo as súas diferenzas biolóxicas, as cales foron aprendidas, cambian co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma (cultura).

## **VIOLENCIA DE XÉNERO**

Todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres, tanto se se produce na vida pública como na privada.



Se detectas que a linguaxe  
devalúa, ridiculiza, desacredita,  
estereotipa ou exclúe á muller,  
...CÁMBIAA

## **NON DA IGUAL**

Que te inclúan na linguaxe, a que non te inclúan

## **NON DA IGUAL**

Que te nomeen a que non te nomeen

## **NON DA IGUAL**

Falar con linguaxe de iguais , que con linguaxe sexista

## **NON DA IGUAL**

Nomear a partires da túa identidade sexual,  
que facelo dende outra que non é a túa



 XUNTA DE GALICIA  
DEPRESIDENCIAS E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

 GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE IGUALDAD  
Y RELACIONES CON LAS CORTES  
ESPAÑOLAS

**ANPA BAROUTA**  
GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDAD E  
XÉNERO DO CEIP DE BAROUTA